



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Xestión de Recursos Humanos

Materia	Xestión de Recursos Humanos			
Código	V04M127V01104			
Titulación	Máster Universitario en Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Deseño na enxeñaría Dpto. Externo Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Dosil Díaz, Joaquín Peláez Lourido, Gustavo Carlos			
Profesorado	Dosil Díaz, Joaquín Formoso Vérez, Daniel Peláez Lourido, Gustavo Carlos			
Correo-e	jdosil@uvigo.es gupelaez@uvigo.es			
Web	<a href="http://webs.uvigo.es/mastercadcam">http://webs.uvigo.es/mastercadcam</a>			
Descrición xeral	É imprescindible para os xestores e integrantes de proxectos na industria ter destrezas nas competencias dos Recursos Humanos			

## Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B3	Capacidade para desempeñar funcións relacionadas cos procesos de deseño e fabricación nun entorno empresarial
B7	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia e transmitir conceptos, especificacións e funcionalidades no eido da enxeñaría, tanto de maneira oral coma escrita
C4	Capacidade de xestión e análise de proxectos no ámbito do deseño e a fabricación
C5	Capacidade para xestionar procesos e produtos a través da súa industrialización adecuada
D1	Capacidade para Planificar, organizar e desenvolver estratexias nos procesos de deseño e fabricación.
D2	Capacidade para integrarse e dirixir equipos de proxectos multidisciplinares
D4	Capacidade de comunicación e negociación en situacións diversas e ante persoas expertas e non expertas.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Adquirir habilidades no campo da organización de equipos de traballo para mellorar a eficiencia das organizacións	A2 A3 A4	B3 B7	C5	D1 D2 D4
Adquirir habilidades no campo da motivación de equipos de traballo para participar en grupos de resolución de problemas	A1 A3 A4	B3 B7	C4	D2 D4

### Contidos

Tema	
Técnicas de dirección de recursos humanos en proxectos	Habilidades directivas A psicoloxía social no mundo empresarial Os departamentos de recursos humanos
Liderazgo de equipos	Imagen y oratoria Habilidades directivas
Mediación. Negociación	Técnicas de Mediación Técnicas de Negociación
Xestión do tempo	Xestión de reunións Aplicacións da xestión de proxectos á xestión do tempo
Oratoria	Técnicas de expresión verbal Técnicas de expresión non verbal O discurso CIEN Métodos aplicados á oratoria
Xestión de grupos de mellora	Técnicas avanzadas de organización industrial para os Recursos Humanos. Mellora de Procesos

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	7	0	7
Obradoiro	6.5	3.5	10
Debate	1	4	5
Presentación	1	4	5
Estudo de casos	2	8	10
Traballo tutelado	0	10	10
Aprendizaxe baseado en proxectos	1	1	2
Foros de discusión	0	5	5
Estudo previo	0	3	3
Seminario	1	4	5
Exame de preguntas obxectivas	0.2	5	5.2
Exame de preguntas de desenvolvemento	0.1	2.5	2.6
Observación sistemática	0.2	5	5.2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Obradoiro	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor ás actividades individuais e/ou grupais que desenvolven os estudantes
Debate	Conversa aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente a unha sesión maxistral.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Traballo tutelado	O alumno, de forma individual ou en grupo, elaborará un documento sobre a temática da materia ou preparará seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais

Foros de discusión	Actividade desenvolvida nun ámbito virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.
Estudo previo	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula e/ou laboratorio de forma autónoma por parte do alumnado
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Debate	Realízase o seguimento e interrelación con cada estudante de forma individualizada ao longo das sesións de debate que pode ser en defensa dun tema ou diálogo aberto que ofrezca un alumno individual ou un grupo
Presentación	O/os docente/s promoven un diálogo que permite o intercambio de opinións sobre a temática e a forma de exposición de forma individual e/ou grupal.
Estudo de casos	Resólvense as dúbidas e formulacións persoais ou grupales no estudo dos casos/análises de situacións.
Traballo tutelado	Los docentes proponen, tutelan, revisan y hacen las correcciones de cara a consolidar el proceso de aprendizaje, de manera individualizada, de los documentos elaborados personal o grupalmente.
Aprendizaxe baseado en proxectos	O profesorado coordinará as actividades individuais de proposta, seguimento e control que poden ser a nivel persoal e/ou preferentemente a nivel de grupo de proxectos
Foros de discusión	levan a cabo as puntualizacións e aclaracións necesarias de forma individualizada a medida que se integran os estudantes no foro tanto de forma unitaria como grupal se incumben a traballos ou preguntas de tipo individual ou de grupo
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Avalíanse individualmente as competencias adquiridas a través dunha proba tipo test, descrita detalladamente no apartado de avaliación
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realízase a avaliación das probas de forma individualizada
Observación sistemática	Seguimento do estudante a través de diferentes técnicas que se orientan a coñecer a actitude, participación e destrezas adquiridas de forma individualizada, e que poden levar a cabo tanto a nivel persoal, como a nivel de grupo.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	Probas desenvolvidas en calquera dos formatos de cuestionario da plataforma faitic, con prioridade para os de múltiple elección e resposta única onde os fallos restan (a probabilidade de acertar). Resultados de Aprendizaxe: - Adquirir habilidades no campo da organización de equipos de traballo para mellorar a eficiencia das organizacións	34	A2 A3 A4	B3 B7	C5 D2	D1 D4
Exame de preguntas de desenvolvemento	O estudante debe responder ou desenvolver por escrito ou oralmente contidos ou temas prácticos expostos. Resultados de Aprendizaxe: Adquirir habilidades no campo da motivación de equipos de traballo para participar en grupos de resolución de problemas	33	A1 A3 A4	B3 B7	C4 D2	D2 D4
Observación sistemática	Conxunto de técnicas e ferramentas para reunir información do estudante, tratando de recoller aspectos do recurso humano a partir da análise de aspectos tales como asistencia, participación, dinamismo, adaptación, colaboración, proactividade, etc. Resultados de Aprendizaxe: Adquirir habilidades no campo da motivación de equipos de traballo para participar en grupos de resolución de problemas	33	A1 A3 A4	B3 B7	C4 D2	D2 D4

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Compromiso ético: Espérase que o alumno presente un comportamento ético adecuado. En caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, por exemplo), considerarase que o alumno non reúne os requisitos necesarios para superar a materia. Dependendo do tipo de comportamento non ético detectado, poderíase concluir que o alumno non alcanzou as competencias necesarias para superar a materia. Espérase do estudante un comportamento respectuoso, digno e de colaboración co sistema docente, profesorado, coordinación e persoal

de administración e servizos do máster. Calquera cuestión debida á falta de comportamento ético e digno do estudante poderá ter repercusión sobre a avaliación da materia.

Tal e como se establece na memoria do título dentro do procedemento xeral para valorar o proceso e os resultados: En cada materia o profesor responsable asignará unha nota a cada estudante en función da súa actitude e participación. Para esta materia esta nota correspóndese fundamentalmente coa avaliación mediante observación sistemática e a de probas de resposta longa de desenvolvemento. Para iso, poderá ser considerada a presencialidade e teranse en conta os partes de asistencia coas firmas dos estudantes. Publicarase, en todo caso e en cada curso académico, o sistema de avaliación para explicar como se poden agrupar i espaxer cadanseus porcentaxes, para completar o desencartado da repartición do proposto na memoria do máster, ás guías docentes das materias.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Dosil, J., **Psicología de la actividad física y del deporte**, 2ª, McGraw-Hill, 2008

Gómez Mejía, Luis R., **Gestión de recursos humanos**, 8ª, Pearson, 2016

#### **Bibliografía Complementaria**

Cudicio, Catherine, **PNL y comunicación : la dimensión creativa**, Granica, 1992

Ruiz Otero, Eugenio, **Recursos humanos y responsabilidad social corporativa**, McGraw-Hill Educación, 2017

Castaño Fernández, Juan, **Juegos y estrategias para la mejora de la dinámica de grupos**, 1ª, Wanceulen, 2001

---

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

As comunicacións cos estudantes faranse a través da Plataforma de teledocencia Faitic, polo que é necesario que o estudante acceda ao espazo da materia na plataforma previamente ao comezo da docencia. Antes da realización das probas de avaliación, é conveniente consultar a Plataforma FAITIC para confirmar a data, lugar, recomendacións, etc., así como a necesidade de dispor de normativa, manuais ou calquera outro material para a realización dos exames e resolución de traballos non presenciais.